

Programa *Correspondentes universitarios/as* nas universidades de Vigo, A Coruña e Santiago de Compostela

A Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado (DXXPV) da Consellería de Política Social, en colaboración coas universidades de Santiago de Compostela, Vigo e A Coruña, favorece a difusión da información xuvenil entre o alumnado dos campus universitarios a través do programa *Correspondentes universitarios/as*.

Este programa ten por obxecto difundir os diferentes programas, accións e iniciativas que a Xunta de Galicia ofrece aos mozos e mozas galegas, así como outra información de interese, entre o alumnado das tres universidades. Serán os propios estudantes, como correspondentes universitarios, os encargados de transmitir esa información, o que favorece a súa participación activa tanto na elaboración como na difusión da información entre iguais.

Funcións das e dos correspondentes universitarias/os:

- Difundir entre o alumnado a información sobre os distintos programas e iniciativas para a xuventude que promova a Xunta de Galicia e aqueles outros de interese que os mozos e mozas poidan coñecer a través dos medios ao seu alcance como redes sociais, medios de comunicación, páxinas web, etc.
- Xestionar regularmente un taboleiro ou sistema de divulgación da información no centro que lle asigne a Universidade que corresponda.
- Colaborar cos centros na difusión de información relacionada coa situación sociosanitaria da covid-19.
- Asistir ás reunións de coordinación que se convoquen, así como aos cursos de formación organizados pola DXXPV ou as universidades, destinados ás e aos correspondentes universitarios/as.
- Aquelas outras que supoñan a mellora na achega de información á mocidade.

Beneficios das e dos correspondentes universitarias/os:

- Recibir información xuvenil de interese para a comunidade universitaria.
- Recibir gratuitamente formación en materia de información xuvenil.
- Recibir gratuitamente o carné de alberguista, se lles interesa.

- Recoñecerlles o tempo dedicado como persoas voluntarias, así como a experiencia e competencias adquiridas, a través do certificado de educación non formal en materia de xuventude.
- A USC expedirá unha certificación aos seus estudantes que acredite a participación no programa Correspondentes Universitarios para a solicitude de créditos, ata un máximo de 3 ECTS unha vez completado o protocolo por ela establecido.
- A UDC expedirá unha certificación aos seus estudantes que acredite a participación no programa Correspondentes Universitarios para a solicitude de créditos, ata un máximo de 3 ECTS, coa correspondencia de 1 ECTS por cada 10 horas, por participación en actividades universitarias.
- A universidade de Vigo convalidará ao seu alumnado o tempo de participación no programa por créditos ata un máximo de 6 ECTS, coa correspondencia de 30 horas por cada ECTS, a partir do certificado expedido pola Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado
- Poderán participar gratuitamente, durante unha fin de semana, nun encontro autonómico de correspondentes (incluíndo o aloxamento, a mantenza e a programación de actividades), sempre e cando a situación sanitaria derivada da crise da Covid-19 o permita.

Requisitos das persoas solicitantes:

- Manter a condición de estudante dalgunha das titulacións das universidades de Santiago de Compostela, Vigo ou A Coruña durante todo o curso 2021/2022.
- Ter un máximo de 30 anos no momento da solicitude.
- Cumprir os requisitos específicos que estableza cada Universidade para estes efectos. No caso da USC, para o recoñecemento do traballo dos Correspondentes Universitarios esíxese que estean inscritos no Rexistro de Persoal Voluntario desta institución. Para a solicitude de créditos, ata un máximo de 3 ECTS por ano académico, o alumnado participante deberá ter realizada a formación segundo o protocolo que se recolle no Acordo do Consello de Goberno da USC para o recoñecemento de créditos nos estudos de grao ao abeiro do artigo 12.8 do RD1393/2007 do 5 de xullo de 2016 xunto coa formación básica en materia de información xuvenil proporcionada polos técnicos da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado.